



Punto da orde do día: 5

Informe da Intervención de Contas

Á Asemblea Xeral de 29 de maio de 2021

ÍNDICE

Introdución	2
Incremento de recursos técnicos e humanos da área económico-financeira	2
Contabilidade analítica	3
Información económica do peche de 2020	3
Análise do resultado do exercicio	4
Marxe sobre o EBITDA	5
O aprovisionamento de enerxía	6
Resultado financeiro	7
Emisións de débeda	8
Empresas participadas de xeración	8
GenerationkWh	10
Invitación a clientes non socios	10

Introdución

O artigo 53 dos estatutos vixentes de Som Energia define as funcións das persoas escollidas pola Asemblea Interventoras de Contas. De acordo con ese artigo e coas responsabilidades recollidas na lexislación aplicábel, emitimos o noso informe sobre a memoria explicativa da xestión da empresa, o balance, a conta de resultados e demais documentos contábeis que, preceptivamente, se someten á Asemblea Xeral de 2021.

Consideramos que este informe conclúe o noso traballo de coñecemento da xestión económica, financeira, patrimonial e contábel para dotarnos dunha visión o máis coidadosa posíbel. A colaboración coa área económico-financeira foi fluída. Proporcionóusenos a información requirida –tanto sobre a empresa principal como sobre as participadas– a medida en que estaba dispoñíbel. Déronse explicacións ás cuestións que formulamos, celebramos as reunións necesarias para comprendela con exactitude e complementala, e puidemos manifestar a nosa opinión de xeito libre e independente.

Analizamos a información proporcionada. Baseándonos no noso coñecemento e criterio, o balance de situación e a conta de perdas e ganancias do exercicio 2020 de Som Energia, SCCL, os das sociedades participadas onde ostenta unha posición dominante e os consolidados do Grupo Som Energia reflicten adecuada e fielmente as súas situacións financeiras e patrimoniais, e o resultado das operacións efectuadas. As memorias de Som Energia e do grupo, que forman parte integrante das contas anuais, subministran a información necesaria e suficiente para a súa comprensión.

Polo tanto, propomos aprobar as contas anuais do exercicio 2020 presentados á Asemblea Xeral ordinaria 2021.

Froito das revisións practicadas durante este exercicio e os anteriores, manifestamos a nosa opinión sobre algúns temas de xestión económica, financeira e patrimonial.

Incremento de recursos técnicos e humanos da área económico-financeira

A cooperativa transformouse nunha empresa de grande envergadura: en 2020 facturou 72 millóns de euros, con máis de 120.000 contratos, case 70.000 socios e 15 empresas participadas a final de ano.

Unha sociedade destas características require uns alicerces moi sólidos. Necesita un departamento contábel e financeiro axeitado en persoal e cunha infraestrutura informática de xestión empresarial.

No exercicio 2019 incorporouse unha responsábel financeira, o que permitiu avanzar en boa parte dos temas apuntados nos nosos informes de exercicios anteriores. Aínda nos parece

insuficiente e pensamos que cando menos hai que engadir outra persoa, que permita dedicar os recursos necesarios ao control de xestión e á análise da actividade. Ademais, hai que asegurar o peche contábel mensual e ao día, con todas as periodificacións e provisións en cada peche.

Tamén pensamos que hai que continuar investindo no sistema informático, para permitir integrar a información de todas as áreas de xestión da cooperativa (comercialización, facturación, contabilidade, financeira, toma de decisións...) e implantar a contabilidade analítica de forma automatizada.

Contabilidade analítica

Nos nosos informes de exercicios anteriores, recomendabamos implantala. A área económico-financeira pediunos colaboración para deseñar os criterios e a planificación que debía ter, para coñecer mellor a eficiencia económica e financeira dos centros de custo da cooperativa, conseguir un control máis preciso dos resultados e favorecer a implicación de todos os equipos de traballo na súa consecución e no control do gasto.

Froito desta colaboración, elaboráronse os centros de custo para considerar (comercialización, xeración, participación...) e os criterios de imputación de ingresos e gastos para aplicar. Por desgraza, a contabilidade analítica deseñada non se puido integrar nos actuais sistemas informáticos de xestión.

O orzamento 2020 xa se elaborou seguindo as pautas acordadas de análise contábel. A área económico-financeira manifestou o seu compromiso de levar xa en 2020 o control manual da contabilidade analítica. A pesar de que o exercicio 2020 foi excepcional pola pandemia, avanzouse pouco neste terreo.

Si que mellorou de forma óptima a creación do cadro de mando integral (conxunto dos indicadores máis relevantes do desenvolvemento da estratexia e xestión empresarial). Axuda ao seguimento e á toma de decisións directivas no nivel de cumprimento de obxectivos previamente establecidos.

Información económica do peche de 2020

O ano pasado, a causa da pandemia, iniciouse unha boa práctica: persoas do Equipo Técnico e do Consello Reitor presentaron as contas anuais e o orzamento nun espazo de preparación da Asemblea Xeral (EPAG). Este ano volverase facer, o 25 de maio. Apoiamos esta actuación e desexamos que se consolide para establecer políticas de transparencia e participación cos socios.

Entre os documentos postos a disposición dos socios de cara á Asemblea Xeral 2021, temos o informe explicativo das contas anuais 2020 editado pola área económico-financiera. Este documento cumpre de forma clara o obxectivo proposto de facilitar a interpretación das contas anuais. O informe analiza en detalle o resultado 2020 comparado co do 2019.

Análise do resultado do exercicio

O resultado antes de imposto deste exercicio foi inferior ao de 2019 en 472.352 €.

AÑO	VARIACIÓN			
	2.020	2.019	€	%
A) OPERACIONES CONTINUADAS				
1. Importe neto cifra de negocios	72.060.811,00	64.847.670,50	7.213.140,50	11,12%
a) Ventas	71.833.425,60	64.677.778,60		
b) Prestaciones de servicios	227.385,40	169.891,90		
4. Aprovisionamientos	-65.171.861,90	-58.824.407,10	-6.347.454,80	10,79%
a) Consumo de mercaderías	-65.171.861,90	-58.824.407,10		
5. Otros ingresos de explotación	792.428,00	828.181,20	-35.753,20	-4,32%
a) Ingresos accesorios y otros de gestión corriente	21.183,40	129.952,40		
b) Subvenciones de explotación incorporadas al resultado del ejercicio	771.244,40	698.228,90		
6. Gastos de personal	-3.233.944,00	-2.441.607,40	-792.336,60	32,45%
a) Sueldos, salarios y asimilados	-2.435.278,40	-1.867.477,90		
b) Cargas sociales	-798.666,10	-574.129,50		
7. Otros gastos de explotación	-3.496.371,20	-3.026.342,10	-470.029,10	15,53%
a) Servicios exteriores	-1.268.439,00	-1.063.861,20		
b) Tributos	-2.028.458,60	-1.947.333,00		
c) Pérdidas, deterioro y variación de provisiones por operaciones comerciales	-199.473,70	-15.148,00		
8. Amortización del inmovilizado	-69.984,00	-76.293,00	6.309,00	-8,27%
12. Fondo Educación, Formación y Promoción	-55.552,00	-89.182,70	33.630,70	-37,71%
13. Otros resultados	-12.685,40	-6.257,00	-6.428,40	102,74%
A.1) RESULTADO DE explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12 + 13)	812.839,30	1.211.763,00	-398.923,70	-32,92%
14. Ingresos financieros	229.899,00	218.537,90	11.361,10	5,20%
a) De participaciones en instrumentos de patrimonio	72.010,40	71.480,00		
a 1) En empresas del grupo y asociadas	72.010,40	71.480,00		
b) De valores negociables y otros instrumentos financieros	157.888,60	147.058,00		
b 1) De empresas del grupo y asociadas	157.697,50	146.734,00		
b 2) De terceros	191,1	324		
15. Gastos financieros	-234.339,60	-149.549,40	-84.790,20	56,70%
a) Por deudas con empresas del grupo y asociadas	-213.090,40	-148.730,00		
b) Por deudas con terceros	-21.249,10	-820		
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14 + 15 + 16 + 17 + 18)	-4.440,60	68.989,00		
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A.1 + A.2)	808.398,80	1.280.751,00	-472.352,20	-36,88%

As principais partidas que afectaron esta variación foron:

1. O importe neto da cifra de negocio medra 7.213.140 euros (+11,1 %). O gasto por aprovisionamento medra 6.347.455 euros (+10,8 %), o que provoca un incremento da marxe bruta de 855.286 euros.

2. Os gastos de persoal incrementáanse en 792.337 euros (+32,4 %). Deriva de novas contratacións e da revisión da escala salarial. Esta revisión adecúase ao que prevé o convenio colectivo aplicábel (enxeñarías e oficinas técnicas) e incluso é inferior ao incremento previsto no orzamento aprobado.

Ao mesmo tempo, porén, destacamos algunhas advertencias:

- a. Alertamos do crecemento vexetativo inercial que derivará deste incremento da nómina.
 - b. O intervalo salarial (proporción entre o salario máis alto e o máis baixo) de 2,5 parécenos demasiado restritivo para os postos de alta responsabilidade. Tamén o sería o teito máximo de salarios (150 %) establecido na Lei de cooperativas para as que non teñen ánimo de lucro (art. 144). Se cadra como consecuencia das dúas, a cooperativa aínda non cubriu a vacante de xerencia. Cremos que hai que atopar solucións imaxinativas, dentro da normativa vixente.
 - c. Propomos estudar a inclusión dunha parte de retribución variábel non consolidábel, en función do cumprimento de obxectivos.
 - d. Non todos os gastos de persoal poden imputarse a comercialización. Deberían diferenciarse os postos de traballo entre os seus respectivos centros de custo. E aclarar mellor as vías de financiamento de xeración e participación.
3. Os gastos de explotación medran en 470.029 euros (+15,53 %). Entre outros factores, polo aumento da morosidade (184.326 euros), das comisións bancarias (58.482 euros), do servizo *Infoenergia* (87.899 euros) e dunha provisión para cubrir un risco potencial derivado dun dos proxectos en desenvolvemento (100.000 €).
 4. Os gastos financeiros (84.790 euros) son consecuencia do maior endebedamento da cooperativa, a raíz da nova emisión de achegas ao capital social voluntario, máis o novo custo (0,50 % anual) por depósito de garantías dinerarias no mercado de futuros e no mercado eléctrico.

En conclusión, o resultado do exercicio 2020 foi inferior ao de 2019, a pesar de incrementarse a facturación.

Marxe sobre o EBITDA

O ano pasado, no informe de intervención xa expuñamos que o único xeito de conseguir dotar de solvencia a cooperativa é cos beneficios de cada exercicio que non se reparten e que quedan como reservas.

Na última asemblea, decidiuse fixar a marxe sobre o EBITDA (ganancias previas a xuros, impostos, depreciacións e amortizacións) entre un 0,5 % e un 2 %. Pensamos que a parte

baixa do intervalo é demasiado axustado e que facendo orzamentos con estas porcentaxes o risco de presentar perdas por calquera eventualidade negativa é moi elevado.

Cremos que estas reservas teñen que financiar proxectos de xeración de enerxías renovábeis. Pensamos que o financiamento dos proxectos de enerxías renovábeis ten que distribuírse entre débeda con terceiros e fondos propios da cooperativa provenientes das reservas e do capital cooperativo.

Por este motivo, recomendamos que o obxectivo de resultado da cooperativa para cada exercicio sexa dun mínimo do 3 % do EBITDA. Esta porcentaxe sería dun 2 % ou un 2,25 % do resultado final despois de impostos, que é o que se destina a reservas.

O aprovisionamento de enerxía

A cooperativa participa no mercado de futuros para coñecer anticipadamente a que prezo poderá comprar a enerxía. O 80 % das necesidades de aprovisionamento cóbrease a través do mercado de futuros. Co prezo de compra coñecido, a cooperativa fixa o prezo de venda.

Se o prezo da enerxía no mercado diario é inferior ao prezo fixado no contrato de futuros, a cooperativa ten que depositar garantías. Estas quedan retidas para asegurar o pagamento do prezo fixado ao vencemento do contrato. O diñeiro que non se pode destinar a investimentos produtivos, e actualmente hai que pagar por el un xuro do 0,5 % anual.

A Asemblea de 2020 acordou que as tarifas de venda da enerxía se fixarían cada 6 meses. Iso permite reducir o vencemento medio dos contratos de futuros, e en consecuencia o das garantías. Tamén aprobou a venda de enerxía a tarifa indexada. Prevese iniciar esta oferta a finais de 2021. Neste caso, o aprovisionamento farase no mercado diario, reducindo as necesidades de compra a través do mercado de futuros.

Finalmente, hai que destacar tres potenciais repercusións da autoprodución no aprovisionamento de enerxía:

- 1.** A enerxía xerada pola instalación e utilizada no punto de subministración reduce as necesidades de compra de enerxía por parte da cooperativa.
- 2.** Se producen excedentes, estes teñen un custo de compensación coñecido, que protexe a cooperativa das oscilacións do mercado.
- 3.** Se hai excedentes non compensados, para a cooperativa son kWh que deixamos de pagar a prezo de mercado.

En resumo, os contratos con autoprodución teñen un impacto positivo na cooperativa.

En conclusión, prevemos que a actual cobertura do 80 % se poderá reducir progresivamente e liberar recursos para depósitos de garantía.

Resultado financeiro

O resultado financeiro do exercicio 2020 presenta unha redución moi importante a respecto do exercicio anterior, porque é negativo de 4.441 euros.

Os gastos financeiros derivan das emisións de capital social voluntario, as emisións de participacións preferentes e os xuros bancarios.

Actualmente, hai fondos provenientes das emisións de capital social voluntario que non se puideron investir pola caída dalgúns proxectos, ou que están investidos en plantas en construción que aínda non xeran ingresos, mais si gastos.

Este 2020 tamén se xeraron uns gastos novos coas entidades de crédito pola custodia dos fondos de tesouraría vinculados cos mercados da enerxía e de futuros. Canto menos diñeiro depositado nas contas como fondos de seguridade e investido en novos proxectos, menos custos financeiros.

Os ingresos financeiros compóñense dos xuros cobrados polos préstamos a empresas participadas, os xuros cobrados polos préstamos a empresas Generation kWh e os dividendos das sociedades.

Lembremos que os xuros cobrados das empresas Generation kWh son os recursos cos que se pagan os dereitos das accións enerxéticas dos socios que investiron. Polo tanto, habería que contabilizar estes xuros de xeito diferenciado e non telos para cadrar os gastos financeiros.

A respecto dos dividendos, todos os cobrados de todas as empresas poderán axudar a sufragar os gastos. Actualmente só unha empresa, INICIATIVAS ENERGÉTICAS COMBINADAS, SL, está a pagar dividendos, é a única pola que non se realizou ningún préstamo e o investimento fíxose directamente no capital. Por este motivo, unha parte do importe cobrado dos seus dividendos pode considerarse para sufragar gastos financeiros, e a maioría do importe como recuperación do investimento. Con estes datos, o resultado financeiro foi moi inferior e habería que facer xestións para equilibralo.

En relación cos gastos, habería que reducir o tipo de xuro aplicado actualmente ás emisións de capital social voluntario, para normalizalo a prezos de mercado.

En canto aos ingresos polos préstamos a empresas, conviría que os fondos a investir en futuras plantas non procedesen ao 100 % de emisións de capital social voluntario, senón financiar unha parte con reservas da cooperativa e capital cooperativo.

Emisións de débeda

Para financiar os proxectos de xeración de enerxía, a cooperativa realizou emisións de débeda, participacións preferentes e capital social voluntario.

As emisións de capital social voluntario non teñen vencemento e pódese solicitar o reembolso en calquera momento. Para mitigar o risco de reembolso masivo, a Asemblea do 2019 dotou o Consello Reitor do dereito de non acordar en cada exercicio reembolsos superiores a 1.350.000 euros ou ao 10 % do capital social voluntario existente no inicio do exercicio.

No suposto de que se convoquen novas emisións de capital social voluntario, propomos que incorporen tres características:

- 1. Limitar o importe de achega por socio.** Para mitigar máis o risco de reembolso masivo, propomos limitar o importe total de achegas por socio ao capital social voluntario, por exemplo a 10.000 euros. Unha vez chegado a este límite, non poderá efectuar novas achegas. Esta proposta busca a máxima diversificación de socios participantes. Este límite require incorporar máis socios á participación en novas emisións. Para ampliar a participación, precisaríase unha campaña de información e sensibilización, tamén dirixida aos clientes actuais, buscando a súa alta como socios.
- 2. Fixar un período de subscrición.** Para incrementar a participación, habería que incluír un período de subscrición, onde se irían recollendo as peticións dos socios. Se no peche a emisión se cubrise en exceso, habería que aplicar un rateo. É máis importante aumentar a participación que pechar rapidamente a emisión.
- 3. Posibilidade de extorno das achegas.** A cooperativa debería ter a facultade de devolver parcialmente (extorno) as achegas se non pode aplicar os recursos aos proxectos previstos, ou o custo destes é inferior ao estimado. Este extorno teríase que ratear entre as achegas realizadas.

Empresas participadas de xeración

Como se comentou no último informe de intervención, mantemos que é imprescindible realizar contratos bilaterais (PPA) entre as empresas participadas e SOM ENERGIA, SCCL, para propiciar un equilibrio patrimonial das empresas participadas.

Nas reunións cos responsábeis económicos, transmitíusenos que durante o exercicio 2020 se realizaron estudos técnicos, xurídicos e fiscais para poder concretar estes contratos, e que se espera materializalos durante 2021.

Con estes contratos:

1. Cando o prezo de mercado sexa inferior ao prezo pactado entre as partes, as empresas participadas recibirán uns fondos mínimos que lles permitirán manter uns resultados para poder cumprir coas súas obrigas e equilibrio patrimonial. Nesta situación, SOM ENERGIA, SCCL, terá un sobrecusto no aprovisionamento de enerxía.
2. Cando sexa superior ao prezo pactado, estas empresas manterán os mesmos ingresos. Isto permitiralles cumprir coas súas obrigas e equilibrio patrimonial e a cooperativa terá unha redución no seu custo de aprovisionamento.

Como actualmente SOM ENERGIA, SCCL contabelmente consolida como grupo con todas as empresas participadas, esta fórmula de aprovisionamento coas empresas participadas non terá ningún efecto contábel nin fiscal. De calquera xeito, cremos imprescindible concretar as diferenzas en cada facturación entre o prezo de mercado e o establecido no contrato bilateral con cada empresa participada, para poder facer un seguimento da viabilidade real de cada unha.

No punto 6.º (Xestión económica) do informe explicativo das contas anuais 2020 indícase que se está a traballar nunha nova estratexia de financiamento das sociedades participadas, con dúas finalidades:

1. Abrilas máis a todo o mundo: particulares, comunidades enerxéticas, organismos locais, etc.
2. Reducir a súa dependencia do financiamento da cooperativa.

Actualmente, os investimentos en novas plantas de xeración seguen este modelo:

1. Som Energia constitúe unha sociedade na que ostenta o 100 % do capital.
2. A sociedade ten un capital moito menor ao do investimento para efectuar.
3. Os socios de Som Energia realizan achegas no seu capital social voluntario, e a cooperativa fai un préstamo á sociedade para que poida erguer a nova planta.
4. A sociedade obtén ingresos pola venda da electricidade xerada e vai devolvendo o préstamo á cooperativa, máis os xuros pactados.

En resumo, a cooperativa actúa como un banco: cunha man toma diñeiro en préstamo dos seus socios e coa outra préstao ás súas sociedades.

A nova estratexia suxire unha reorientación como a que xa propuñamos en informes anteriores:

1. A sociedade nace cun capital importante, que representa arredor do 30 % do investimento para efectuar.
2. O diñeiro achegado pola cooperativa ao capital provén de fondos propios (capital social obrigatorio e reservas procedentes do excedente cooperativo) e de achegas dos socios ao seu capital social voluntario.

3. Som Energia abre a participación no capital a particulares, comunidades enerxéticas, organismos locais, etc., mais garantindo unha participación maioritaria.
4. O resto do investimento cóbrese con financiamento alleo (banca ética...).

Entendemos que este novo modelo reduce o risco que soporta a cooperativa. Pode axudar a vencer resistencias locais porque as implica na «súa» planta de proximidade. En definitiva, pode acelerar a construción de novas plantas de xeración, imprescindible para incrementar a cobertura de kWh facturados con instalacións propias.

GenerationkWh

Pensamos que parar temporalmente a comercialización de novos financiamentos para o proxecto Generation kWh foi unha boa decisión. Habería que remodelar o funcionamento do proxecto, que prestixia a cooperativa, mais que lle repercute financeiramente.

Invitación a clientes non socios

O número de contratos e a facturación actuais xa consolidaron os recursos necesarios para facer fronte aos custos fixos. Para non convertela noutra comercializadora de enerxía eléctrica verde e consolidala como cooperativa de consumo sen ánimo de lucro, pensamos que hai que reflexionar sobre as condicións de incorporación de novos clientes non socios.

Actualmente, as achegas de cada socio ao capital cooperativo obrigatorio úsanse para dispor un fondo líquido en tesouraría, para atender a decalaxe temporal entre os pagamentos (de facturas a distribuidoras e provedores e os gastos de persoal) e os ingresos.

Os clientes non socios non axudan a este financiamento. Até agora, foi un bo recurso para axudar a pagar custos de estrutura. Propomos que se estuden mecanismos para que asociarse sexa máis atractivo.

Xavier Cots i Majora

39344018B



Carles Cuadern Codina

37283508W



Quim Ruiz Querol

37726573H



Barcelona, 1 de mayo de 2021